

INSTRUCCIÓN 20/2021, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE MEDIDAS EN MATERIA DE SELECCIÓN TEMPORAL, PARA OS/AS PROFESIONAIS EN SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL PROVOCADA POLA COVID-19

A Instrución 12/2020, da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, sobre medidas en materia de selección temporal, para os/as profesionais en situación de incapacidade temporal provocada polo virus COVID-19, traía causa na regulación prevista no Real Decreto-Lei 6/2020, do 10 de marzo (BOE Núm.62, do 11 de marzo) norma que continua vixente logo de distintas modificacións, establecendo o artigo quinto na súa regulación actual que *"Ao obxecto de protexer a saúde pública, consideraranse, con carácter excepcional, situación asimilada a accidente de traballo, exclusivamente para a prestación económica de incapacidade temporal do sistema de Seguridade Social, aqueles períodos de illamento ou contaxio das persoas traballadoras provocados polo virus COVID-19, salvo que se probe que o contaxio da enfermidade contraeuse con causa exclusiva na realización do traballo nos termos que sinala o artigo 156 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, nese caso será cualificada como accidente de traballo. A duración desta prestación excepcional virá determinada polo parte de baixa e a correspondente alta. A data feito causante será a data na que se acorde o illamento, restrición ou enfermidade do traballador, sen prexuízo de que o parte de baixa expídase con posterioridade a esa data".*

Malia que en virtude do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2021 (DOG núm. 203-bis, da mesma data) estableceuse formalmente o remate da declaración de emerxencia sanitaria no territorio

Instrucción 20/21

da Comunidade Autónoma de Galicia pola evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, circunstancia esta que levou á Xerencia do Servizo Galego de Saúde a deixar sen efecto a Instrución 4/2020, sobre medidas en materia de persoal como consecuencia do novo coronavirus SARS-CoV-2 e a propia instrución 12/20, certo é que a situación sanitaria actual na que se está incrementando o número de contaxios, segue a provocar a necesidade de ditar a oportuna instrución que fixe unha regulación xeral e uniforme da situación dos profesionais con nomeamento temporal no Sistema Público de Saúde de Galicia, que durante a vixencia do seu nomeamento, sexan declarados en situación de incapacidade temporal cando esta teña como motivo exclusivo un período de illamento ou contaxio provocado polo virus COVID-19.

A vista do exposto, esta Xerencia, no exercicio das competencias atribuídas no artigo 5 do Decreto 137/2019. do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, procede a ditar a seguinte:

INSTRUCCIÓN

Única.- A aqueles/as profesionais que estean a prestar servizos no Sistema Público de Saúde de Galicia en virtude dun nomeamento temporal de carácter eventual, e que durante a vixencia da súa vinculación sexan declarados na situación de incapacidade temporal polo motivo de illamento ou contaxio provocado polo virus COVID-19, estean ou non a prestar servizos en Unidades directamente vinculadas coa prestación asistencial a pacientes afectados por este virus, manterán a vixencia do seu nomeamento e prorrogáraselle este, como mínimo, ata que se expida a correspondente alta médica por este motivo.

Instrucción 20/21



A prórroga do nomeamento do/da profesional, máis alá da alta médica, virá determinada, no seu caso, por necesidades asistenciais.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias

Instrucción 20/21

